# XANEIRO

## 29 Venres / 21.00 h
TEATRO

**PRODUCIÓNS TEATRAIS EXCÉNTRICAS**

*Os amores de Jacques o fatalista*

ESTREA



Jacques e o seu amo entreteñen o camiño con historias sobre a vida e o amor. Aproveitan para falar de mulleres sen pudor, pero, de súpeto, este "paraíso" masculino estrágase cando chegan á pousada da Pousadeira.

Contos interrompidos uns polos outros, como acontece nas mellores conversas, tentan buscar a diferenza entre o namoramento e a sedución, entre o sentimento e o instinto, entre o engano e o enxeño, entre a paixón e a violencia, en definitiva, sobre os amores.

Producións Teatrais Excéntricas estreará no escenario carballés o seu último traballo, unha adaptación de Quico Cadaval sobre a novela de Diderot, na que realzan a súa modernidade libertaria.

**Intérpretes:** Víctor Mosqueira, Marcos Orsi, María Costas e Piti Sanz / **Espazo escénico:** Marcelino de Santiago "Kukas" / **Deseño de iluminación:** Octavio Mas/ **Dirección musical:** Piti Sanz / **Autor:** Denis Diderot / **Dirección e adaptación:** Quico Cadaval.

**Duración: 1h 30 min**
**Público: Adulto**
**Prezo da entrada ordinario: 4 €**
**Prezo especial con desconto: 3 €**

Rede Galega de Teatros e Auditorios

## 31 Domingo / 18.00 h
EN FAMILIA TEATRO

**TALÍA TEATRO**

*Rosa Caramelo e outras historias*



Illada nun xardín, Margarita é a única elefanta do grupo que non consegue que a súa pel sexa de cor rosa caramelo. Cando os seus pais desisten desa idea descubrirá o significado da liberdade e abrirá o camiño da igualdade para as súas compañeiras.

Esta é a primeira das catro historias nas que tamén atopamos uns bonobos con lentes, ratos inmersos nunha feliz catástrofe e as tartarugas Artur e Clementina.

Coa dirección de Paula Carballeira, Talía Teatro presenta un espectáculo infantil con música en directo e que se basea nos contos da italiana Adela Turín, que lle dá a volta a roles e estereotipos de xénero.

**Intérpretes:** Artur Trillo e Fernando Fraga / **Autora:** Adela Turín / **Dirección:** Paula Carballeira.

**Duración: 45 min**
**Público: Familiar (de 4 a 8 anos)**
**Prezo da entrada ordinario: 3 €**
**Prezo especial con desconto: 2 €**

# FEBREIRO

## 12 Venres / 21.00 h
TEATRO COMEDIA MUSICAL

**A PANADARÍA**

*Pan! Pan!*



Harry, un cowboy americano viaxa de Mississippi a Arkansas perseguindo un indio salvaxe que raptou a súa muller. Este antiheroe sufrirá moitas aventuras en fedorentas cantinas e en desertos cheos de perigos, onde redescubriremos o mundo sen lei dos ranchos vaqueiros.

Un escenario baleiro, oito personaxes e toda unha banda sonora son os ingredientes desta divertida e tola obra que desmonta e reconstrúe os vellos westerns do remoto oeste.

A Panadaría é unha nova compañía integrada por tres xoves intérpretes, que, con este primeiro e fresco espectáculo de creación propia, recibiron xa diversos recoñecementos, como o premio Xuventude Crea, un María Casares ou o Premio da Crítica 2015.

**Intérpretes:** Areta Bolado, Noelia Fernández e Ailén Kendelman / **Música orixinal:** Ailén Kendelman / **Atrezzo:** Isabel Mouzo / **Iluminación:** Montse Piñeiro / **Idea:** Areta Bolado / **Dirección:** Areta Bolado, Noelia Fernández e Ailén Kendelman.

**Duración: 1 hora**
**Público: Adulto (a partir de 10 anos)**
**Prezo da entrada ordinario: 3 €**
**Prezo especial con desconto: 2 €**

Rede Galega de Teatros e Auditorios

## 19 Venres / 21.00 h
TEATRO

**PRODUCCIONES VIRIDIANA**

*Ligeros de equipaje. Crónica de la retirada*



En 1939 case medio millón de persoas cruzaron a fronteira francesa a través dos Perineos. Esta é a historia do home común, dos que viviron sen nada, dos que nunca volveron, dos que morreron de frío ou en campos de concentración franceses ou en bombardeos.

*Ligeros de equipaje* son os anacos rotos da memoria de alguén que recorda sen querer recordar. Unha historia case esquecida, perdida no tempo. Unha crónica do exilio...

Só dous actores interpretan a preto de cincuenta personaxes, ofrecéndonos un traballo emocionante e impactante, que nos atrapa desde o primeiro momento e que vén avalado por unha extensa e exitosa xira por toda España.

Producciones Viridiana é unha das compañías aragonesas máis consolidada, cunha relevante traxectoria na escena nacional.

**Intérpretes:** Javier García e Pedro Rebollo / **Espazo sonoro:** Juanjo Javierre / **Vestiario:** Laura de la Fuente / **Escenografía e iluminación:** Agustín Pardo / **Dirección e autoría:** Jesús Arbués

**Duración: 1h 30 min**
**Público: Adulto**
**Prezo da entrada ordinario: 4 €**
**Prezo especial con desconto: 3 €**

Rede Galega de Teatros e Auditorios

## 21 Domingo / 18.00 h
EN FAMILIA MÚSICA

**MARÍA FUMAÇA**

*Xiqui, Xoque, Fiú, Fiú*



*María Fumaça* é un concerto-espectáculo para celebrar a vida. Os artistas lévannos a viaxar cando eles no tren máis festeiro. Nos seus vagóns o ambiente sempre é de festa e todo os que soben gozan de bo humor, de cancións-lambetadas e de ritmos-aloumiños.

No Día da Lingua Materna, ao ritmo da rumba, da muiñeira, da samba, do hip hop ou do rock, a cantante Uxía e Compañía viaxan neste espectáculo creado para agasallar a Rui -un neno con capacidades especiais- e que nos reencontra cun mundo no que todo é posible, en especial a maxia e a felicidade.

**Intérpretes e autores:** Uxía, Sergio Tannus, Magín Blanco e Santiago Cribeiro / **Escenografía e deseño de iluminación:** Andrés Giráldez / **Deseño de son:** Isaac Palacín / **Dirección:** Uxía

**Duración: 1 hora**
**Público: a partir de 3 anos**
**Prezo da entrada ordinario: 3 €**
**Prezo especial con desconto: 2 €**

Rede Galega de Teatros e Auditorios

## 26 Venres / 21.00 h
MÚSICA

**AULA 11, AMENAZA DE MUERTE, DUDE, KILLER CATS, STROBOS, LOWCOS, SON SEIS + e THE CERNE**

*Rockarballo*



Esta noite é para gozar coa música. Rockarballo consolídase cada ano como unha cita imprescindible para os seguidores dos xéneros máis variados das melodías da capital de Bergantiños. Rock & roll, rock fussion, garage, pop e música electrónica faranse ouvir no Pazo da Cultura con ese característico estilo que lles dan as bandas de Carballo, desde as máis alternativas a outras de carácter máis clásico.

Unha oportunidade única para tomarlle o pulso e escoitar a evolución e creatividade destas agrupacións así como á música que interpretan.

Unha aposta pola diversidade musical na que versións de cancións xa coñecidas e novos temas de sinatura propia completarán o programa desta nova cita coa música máis urbana.

**Duración: 2 horas**
**Público: Todos**
**Entrada gratuíta até completar aforo**

## 27 Sábado / 21.00 h
MÚSICA TRADICIONAL

**CANTAREIRAS ARUME**

*Concerto 25 Aniversario*



Con motivo do 25º aniversario do nacemento do Grupo de Cantareiras de Arume, a formación quere agasallarnos cun espectáculo musical e visual da súa traxectoria no mundo da cultura e da música tradicional. Nesta celebración, as mulleres e homes que agora forman parte desta agrupación, realizarán un percorrido pola súa vida artística e persoal, onde haberá tempo para as lembranzas, os saúdos, as anécdotas, os sorrisos e, como non, a música e o baile.

O grupo de Cantareiras Arume botou a andar como tal a partir do ano 1990 en Berdillo, integrado por algunhas compoñentes do coro infantil e da escola de pandeireta da Agrupación Cultural Arume. Desde ese momento, foise forxando a identidade dun grupo pioneiro na comarca de Bergantiños dedicándose, xunto a outros, á recuperación, conservación e difusión do patrimonio musical.

Froito de todos estes anos de traballo, as Cantareiras de Arume levan colleitando premios e mencións, outorgándolles o recoñecemento e o respecto do público e dos compañeiros. No ano 2005 editaron, como Cantareiras de Berdillo, o cedé *Sospirei boitei un ai.*

**Duración: 1 hora**
**Entrada gratuíta até completar aforo**
**Organiza: Asociacións Cultural e Xuvenil Arume**
**Colabora: Concello de Carballo**

# MARZO

## 4 Venres / 21.00 h
TEATRO

**TEATRO DO NOROESTE**

*Palabras malditas*



Na escura España da posguerra, en plena época de represión e asasinatos, dous seres marxinados, un profesor expulsado e unha prostituta esfórzanse por atopar a felicidade.

Coinciden nunha sórdida pensión da Coruña e, a pesar das aparentes diferenzas que os separan, aferraranse un ao outro como a única táboa de salvación no inmenso océano de soidade.

*Palabras Malditas* é un espectáculo teatral sobre a amizade e sobre o amor máis alá das circunstancias, máis alá da propia natureza e do momento histórico no que toque vivir.

Eduardo Alonso é o autor e director desta obra, Accésit do Premio Lope de Vega 2014, que pon en escena unha das compañías galegas de máis longa traxectoria, Teatro do Noroeste. Os protagonistas son dous populares actores galegos cunha presenza importante na escena española, Miguel Ínsua e Sara Casasnovas.

**Intérpretes:** Miquel Ínsua, Sara Casasnovas, Luma Gómez e Inma Antonio / **Escenografía e vestiario:** Paco Conesa / **Composición musical:** Fernando Alonso / **Dirección e autoría:** Eduardo Alonso.

**Duración: 1 h 30 min**
**Público: Adulto**
**Prezo da entrada ordinario: 4 €**
**Prezo especial con desconto: 3 €**

Rede Galega de Teatros e Auditorios

## 6 Domingo / 18.00 h
EN FAMILIA MÚSICA

**AS MAIMIÑAS**

*Unha viaxe polo mundo*




Sabes cantar? Gústache bailar? Daquela, estamos listos para viaxar!

As Maimiñas son Lucía e Irene, ou o que é o mesmo, Mai e Miña, dúas nais que un día decidiron actuar para os seus fillos. Foi entón cando comezaron a facer o que querían que visen os nenos: un espectáculo de música e contos nos que puidesen participar activamente. Dende entón, as súas aventuras téñenas levado por auditorios de toda Galicia.

En *Unha Viaxe polo mundo* as nenas e os nenos e as súas familias cantarán, bailarán e gozarán durante máis dunha hora dunha viaxe ben festeira.

**Intérpretes e autoras:** Lucía Lago e Irene Álvarez

**Duración: 1 h 10 min**
**Público: de 1 a 10 anos**
**Prezo da entrada ordinario: 3 €**
**Prezo especial con desconto: 2 €**

www.apego.gal

## 11 Venres / 21.00 h
MÚSICA

**CHICHARRÓN**

Presentación do disco *Postal*



Chicharrón foi o nome que lles puxo Alberto Gende moito antes de que Xurxo, Mar, Rubén, Diego e Alberto se xuntasen. Chicharrón foi tamén o nome do seu primeiro disco. Dez cancións aclamadas por crítica e público que, ademais de formar un Lp, resultaron formar un mapa que eles mesmos inventaron para fuxir do seu particular inverno baleiro e eterno e chegar onde agora están: no seu propio camiño.

Chicharrón preséntannos agora o seu segundo disco. Unha Postal fuxidía, mesturada en cada parada na estrada. Unha *Postal* de amor, un eco de vida.

**Intérpretes:** Alberto Vecino (voz e guitarra), Diego Gende (guitarra), Mar Catarina (teclado), Xurxo Meis (batería), Rubén Domínguex (baixo) / **Letras:** Alberto Vecino

**Duración: 1 hora**
**Público: Adulto**
**Prezo da entrada ordinario: 3 €**
**Prezo especial con desconto: 2 €**

## 13 Domingo / 18.00 h
EN FAMILIA TEATRO

**EMEDOUS EMOCIÓN&ARTE**

*Jim e a illa do tesouro*



O pequeno e valente Jim Hakins rexenta co seu pai unha pequena pousada na costa de Inglaterra. Diante do mar soña con vivir aventuras e converterse nun gran mariño.

O destino fai que chegue ás súas mans o mapa do tesouro do pirata Flint e comezará unha viaxe por medio mundo ata chegar á Illa do Tesouro.

Música, acción, liortas, humor, cancións corsarias e moitas sorpresas máis, a cargo de preciosos monicreques e piratas desapiadados, que nos trasladan a un mundo fantástico e aventureiro.

**Intérpretes/manipuladores:** Rocío González e Toni Salgado / Voz en off: Afonso Agra / **Música:** Santiago Ramos / **Frauta:** Óscar López / **Escenografía e monicreques:** Javi Tirado / **Vestiario:** Mari Seoane / **Idea orixinal:** Jokin Oregi, Javi Tirado, Álex Díaz / **Texto:** Jokin Oregi / **Dirección:** Álex Díaz e Javi Tirado.

**Duración: 1 hora**
**Público: a partir de 4 anos**
**Prezo da entrada ordinario: 3 €**
**Prezo especial con desconto: 2 €**

Rede Galega de Teatros e Auditorios

## 18 Venres / 21.00 h
TEATRO

**TALÍA TEATRO**

*Foucellas*




Ano 1952. Un maquis, un guerrilleiro, un home do monte, un deses que a xente denominaba xenericamente un "foucellas". Mesmo pode ser O Foucellas. Ou non. Nunha situación límite, acomete a súa derradeira acción: o atraco e secuestro dun labrador acomodado e da súa muller. Unha situación dramática, máis por veces divertida, na que se enfrontan a esperanza e o desespero.

Foucellas é unha ficción que especula sobre un momento histórico, pero sobre todo unha reflexión sobre a utopía, a resignación, a vontade e, sobre a derrota.

Esta é a última produción da compañía ceense Talía Teatro, que baixo dirección de Cándido Pazó presenta unha das historias máis arraigadas da memoria popular galega, na que a historia é un mito, e o mito unha ficción teatral.

**Intérpretes:** Toño Casais, Artur Trillo, María Ordóñez e Dani Trillo / **Escenografía:** Dani Trillo / **Fotografía e vídeo:** Rubén Prieto / **Iluminación:** Afonso Castro / **Vestiario:** Martina Cambeiro / **Axudante de dirección:** Diego Rey / **Dirección e Autor:** Cándido Pazó.

**Duración: 1h 20 min**
**Público: Adulto**
**Prezo da entrada ordinario: 4 €**
**Prezo especial con desconto: 3 €**

Rede Galega de Teatros e Auditorios




Organizan: Concello de Carballo | Concellaría de Cultura · Pazo da Cultura

Colaboran: AGADIC Axencia Galega das Industrias Culturais · Xunta de Galicia Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria · Rede Galega de Teatros e Auditorios · Deputación da Coruña

Deseño gráfico: www.gendestudio.com

# EXPOSICIÓNS

Horario de apertura: de 18.00 h a 21.00 h, de luns a domingo

**Do 28 xaneiro ao 18 de febreiro**
**COLECTIVA**
*Miradas 4*
andar 3º do Pazo da Cultura



Exposición colectiva de creadores vinculados a Muxía e Carballo, que se celebra con carácter bianual e na que apreciaremos os últimos traballos realizados por artistas de diversas disciplinas, como a pintura, o gravado, a escultura ou a fotografía, de diversidade de estilos, formatos e técnicas.

**Do 4 ao 28 de febreiro**
**AULA K**
*Vermello*
andar -1 do Pazo da Cultura



Mostra fotográfica do Colectivo Aula K, Asociación con sede na Coruña cunha traxectoria de máis de 20 anos a prol da divulgación e da ensinanza da fotografía e do audiovisual.

Unha serie de instantáneas xogan na procura da cor vermella. Percepción e reflexións persoais arredor desta cor. Sinais, formas, reflexos, refachos, ideas,... Pegadas fugaces dunha cor rechamante, evidente e misteriosa da man de Pedro Carrete, Ángel Cordero, Rubén Fabeiro, Carolina Lorenzo, Rodrigo Moreiras, Brais Quintero, Carlos Rodríguez, Basti Soto, Alfredo Varela, Pablo Santiago, Antón Varela, Lupe Vázquez, Paola Velo e Manuel Vicente.

Organiza: Concello de Carballo e Asociación Cultural Aula K

**Do 25 de febreiro ao 25 de marzo**
**XVIII CERTAME FOTOGRÁFICO XOSÉ MANUEL EIRÍS**
andar 3º do Pazo da Cultura



Selección fotográfica das obras presentadas á XVIII edición do Certame Fotográfico Xosé Manuel Eirís. Con este concurso de carácter anual creado en 1997 o Concello de Carballo quere contribuír á creación artística e a fomentar a divulgación da fotografía.

A mostra está composta polas fotografías premiadas polo xurado e por unha escolma das presentadas a esta edición. As fotografías participantes son de tema libre, aínda que existe un premio especial para as que fagan referencia a Carballo.

**Do 3 ao 27 de marzo**
**ROSALÍA FERNÁNDEZ, CHIÑA, PACO SOUTO E MON LENDOIRO**
*Catálogo*
andar -1 do Pazo da Cultura




Catálogo forma parte dun proxecto expositivo de catro creadores da comarca que, baixo a premisa da interacción entre as artes, pretenden axitar a vida cultural da Costa da Morte.

En Catálogo inverten a habitual relación entre ilustración e texto no proceso creativo, sendo aquela xerme e pretexto deste.

# OUTRAS PROPOSTAS

## Programa Apego

*Actividades para a socialización en galego da infancia*



**TRINKETRINKE**
Contacontos teatral
**13 e 27 de xaneiro, 10 e 24 de febreiro, 9 e 30 de marzo**
17.30 h e 19.00 h
(dúas sesións)
Biblioteca Rego da Balsa
De 3 a 8 anos



*Gatuxo*
**MAGÍN BLANCO E COMPAÑÍA**
Espectáculo músico-teatral
**21 de xaneiro**
18.00 h
Pazo da Cultura
De 0 a 5 anos

Deputación da Coruña

*Fíos do querer*
**CÉ ORQUESTRA PANTASMA**
Espectáculo músical
**4 de febreiro**
18.00 h / Pazo da Cultura
De 0 a 3 anos

*Brinca Vai!*
**PACO NOGUEIRAS**
Concerto
**17 de marzo**
18.00 h / Pazo da Cultura
De 1 a 10 anos

Ademais, obradoiros para pais e nais, charlas de alimentación complementaria a demanda, obradoiros para nenos e nenas,...
Consultar información completa en **www.carballo.gal** ou **www.apego.gal**

Organiza: Servizo de Normalización Lingüística

## MARZO

### *O BOSQUE NA BUTACA VERDE*

Proxeccións de cine
Biblioteca Rego da Balsa

Dentro das Xornadas de Interpretación dos Bosques 2016 presentamos esta serie de documentais do arquivo do Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA). Con isto pretendemos o achegamento a diferentes problemáticas en bosques autóctonos de diferentes partes do mundo e á posta en común coas ameazas do bosque autóctono galego.

**1 marzo** / 20.00 h
*Amazonía Carbonizada*, de Carlos García Paret e Ramón Alegre
Actualmente, a Amazonía colócase no epicentro das negociacións internacionais que buscan un acordo global para atallar o cambio climático. Esta zona enfróntase tamén a outras feridas como a crueldade, o asasinato e a depredación da súa cultura indíxena e da súa biodiversidade.
Duración: 50 min.

**10 marzo** / 20.00 h
*Green*, de Patrick Rouxel
Green narra as consecuencias da deforestación en Indonesia a través dos ollos dunha femia de orangután que foi rescatada en condicións extremas. Ademais de producir grandes danos ambientais, este problema está a causar a acelerada perda dunha das especies de primate máis próxima a nós: o orangután.
Duración: 48 min

**15 marzo** / 20.00 h
*Marcha atrás*, de Ecologistas en Acción
Cada vez con maior frecuencia vemos vehículos 4x4 nas nosas rúas e estradas. O todoterreo pasou de ser un vehículo para o traballo profesional no campo a un vehículo de uso diario, que se asocia a valores como a liberación, o estatus, o salvaxe, o poder ou a seguridade. Este documental analiza o noso modelo de transporte a través dos vehículos 4x4 e a cultura do motor.
Duración: 30 min

Público: Adulto
Entrada libre ata completar aforo
Organiza: A. Ambiental Senda Nova
Colaboran: CEIDA e Concello de Carballo
**+ INFO : www.sendanova.org**

**5 marzo** / 21.00 h
### *HOMENAXE AO GAITEIRO FRANCISCO CALVO REGUEIRO*

Actuación do grupo de gaitas Lembranzas de Bergantiños que homenaxearán ao carballés recentemente falecido Francisco Calvo Regueiro "Regueiro", fundador e director da agrupación, ademais de artesán deste instrumento cun obradoiro de gaitas en Bértoa. Ademais proxectarase un vídeo na súa memoria.

Duración: 1 hora
Entrada gratuíta ata completar aforo
Organiza: Asociación Cultural Lembranzas de Bergantiños
Colabora: Concello de Carballo

# próximamente...

### *XIV PRIMAVERA ENDANZA*
**Do 2 ao 22 de abril**
O ciclo de danza contemporánea regresa un ano máis ao escenario do auditorio do Pazo da Cultura para achegarse á danza e incluirá espectáculos de compañías galegas e de fóra de Galicia, tanto para adultos como para público familiar.

### EXPOSICIÓNS
**Abril**
*odesexo*
**Xulio Maside, Xoán Pardiñas e Fernando Riveiro**
*Andanzas*
**Laura Tova**

### *XI SEMANA DO LIBRO E A LECTURA*
**Do 25 de abril ao 1 de maio**
Exposición e actividades de animación á lectura

### *III CARBALLO INTERPLAY*
**Do 5 ao 7 de maio**
Festival de contidos dixitais

# +info

[ Todas as actividades teñen lugar no Pazo da Cultura de Carballo ]

## ENTRADAS

Debido á limitación do auditorio, se é necesaria a reserva previa, comunicarase coa antelación posible.
**VENDA DE ENTRADAS:** no despacho de billetes do Pazo da Cultura, unha hora e media antes do inicio da actuación.
**RESERVA DE ENTRADAS:** no teléfono 981 704 300, ou na Concellaría de Cultura (Pazo da Cultura), habitualmente dende 15 días antes da celebración dos espectáculos.
Límite: 4 entradas por persoa.
**DESCONTOS:** Nalgúns espectáculos aplicaranse prezos reducidos a determinados colectivos que deberán acreditar debidamente a súa circunstancia especial: estudantes con carné de estudante, maiores de 65 anos e menores de 12 anos.

## BONOS

Para os días 29 de xaneiro, 12 e 19 de febreiro, 4, 11 e 18 de marzo
- **Bono ordinario: 19 €**
- **Bono especial con prezo reducido: 14 €** (para estudantes con carné de estudante, maiores de 65 anos e menores de 12 anos)
- Data de inicio de venda de bonos: 20 de xaneiro.
- Lugar e horario de venda de bonos: Oficinas da Concellaría de Cultura (Pazo da Cultura), de 11.00 h a 14.00 h.

**INFORMACIÓN**
Pazo da Cultura | Rúa do Pan s/n
15100 Carballo | Tfno.: 981 704 300
cultura@carballo.org | www.carballo.gal




**Prégase puntualidade.** Unha vez comezada a función non se garante o acceso á sala.

**Esta programación poderá sufrir algunha modificación** (novos espectáculos, datas, entradas...) que se comunicará coa máxima antelación posible.

✔ ESPECTÁCULOS INCLUÍDOS NO BONO

